

Recurso nº 146/2018

Resolución nº 129/2018

**RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 17 de decembro de 2018.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por D. M.P.G. actuando en nome e representación da ALTERNATIVA SINDICAL DE TRABAJADORES DE SEGURIDAD PRIVADA contra a proposta de adxudicación da mesa de contratación na licitación dun servizo de seguridade e vixilancia e controladores na Universidade da Coruña, expediente 2018/4002, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Pola Universidade de A Coruña convocouse a licitación dun servizo de seguridade e vixilancia e controladores, expediente 2018/4002, cun valor estimado declarado de 10.614.876,04 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación en BOE e na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia na mesma data 07.03.2018.

Segundo.- O expediente da licitación recolle que a mesma estivo sometida ao texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Terceiro.- O recurso interponse contra a proposta de adxudicación da mesa de contratación.

Cuarto.- O 05.12.2018 a ALTERNATIVA SINDICAL DE TRABAJADORES DE SEGURIDAD PRIVADA interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático no Ministerio de Facenda, dirixido ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, que o remite ao TACGal en data 10.12.2018.

Significar, en todo caso, que este TACGal está en funcionamento dende o 02.04.2018, tal como foi publicitado no DOG de 05.03.2018 e na web deste Tribunal galego (existindo enlace cara esta web no propio TACRC), polo que é este Tribunal galego o competente para a interposición do recurso, sen que no presente caso sexa un impedimento de admisión.

A maiores, a Universidade relata no seu informe que o 29.11.2018, recibiron correo electrónico da presentación do recurso especial e que, en base a este, solicitaron a emenda do recurso de todos os apartados do artigo 44.4 do TRLCSP, referido este ao que se debe xuntar co recurso especial.

A este respecto, son oportunas varias aclaracións. En primeiro lugar, que a tramitación e resolución do recurso especial é competencia do TACGal, tamén para determinar se procede a emenda, o cal non se apreciou no presente caso. A posibilidade de interpoñer o recurso perante o órgano de contratación é só a efectos de lugar de presentación, non de disposición deste sobre a tramitación do recurso, quedando claro na LCSP que debe proceder unicamente a *“remitirullo ao órgano competente para resolver o recurso, dentro dos dous días hábiles seguintes ao da súa recepción, xunto co expediente administrativo e co informe a que se refire o parágrafo anterior”* (artigo 56.2 LCSP).

Por outro lado, en múltiples ocasións expresou este TACGal que o feito de que a licitación estea sometida ao TRLCSP, non significa que o recurso especial se tramite ao abeiro desa lei. No presente caso, ao ser a actuación obxecto de impugnación posterior á entrada en vigor da LCSP 9/2017, o recurso especial se tramita ao abeiro desta última por mandato da súa Disposición Transitoria Primeira.4 LCSP. Por todas, Resolución TACGal 25/2018 .

Por último, en canto á referencia que se facía pola Universidade sobre o anuncio do recurso especial, este xa non existe na LCSP 9/2017, que, como acabamos de ver,

é a norma á que se sometería o recurso especial contra os actos ditados nesta licitación tras a súa entrada en vigor, unido a que xa co TRLCSP era doutrina uniforme dos Tribunais de recursos contractuais non atribuírle carácter impeditivo da admisibilidade (Resolución TACGal 1/2018).

Quinto.- Con data 10.12.2018 reclamouse á Universidade de A Coruña o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP). A documentación foi recibida neste Tribunal o día 13.12.2018.

Sexto.- Examinado o expediente administrativo, e a estarmos nun suposto do artigo 55 LCSP, procedeu ditar a presente Resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- En virtude do disposto na Disposición Transitoria Primeira.4 LCSP o presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- Procede determinar, en primeiro lugar, se estamos perante un acto susceptible de impugnación, ao abeiro do apartado 2 dese artigo 44 LCSP, pois o recorrente impugna a proposta de adxudicación da mesa de contratación. O acto impugnado consta certificado no expediente, onde na Acta 22/2018 da sesión de 20.11.2018, literalmente se di:

“CERTIFICO: que na reunión que tivo lugar o día 20/11/2018, a Mesa de Contratación, á vista dos informes de valoración e da avaliación das ofertas, acordou propoñer a adxudicación do expediente: Servizos: Expediente de contratación 2018/4001 Servizo de seguridade e vixilancia e controladores na Universidade da Coruña”.

O recurrente é consciente disto pois xa o seu escrito recolle: *“interpongo recurso especial en materia de contratación contra el acta de propuesta de adjudicación de la Mesa de Contratación de 22/11/2018...”*

Cómpre analizar entón, se esa actuación impugnada, a proposta de adxudicación, é un acto susceptible de impugnación independente a través do recurso especial en materia de contratación.

O artigo 44.2.b LCSP dispón que poderán ser obxecto do recurso especial *“Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso considerárase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos que se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a inadmisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149”*.

No suposto examinado, o resolto pola mesa de contratación, no sentido de propoñer a adxudicación do expediente de contratación, non é de por si un acto que produza indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos e intereses lexítimos, pois é só unha proposta que require dunha ulterior decisión do órgano de contratación (no mesmo sentido, Resolución TACGal 32/2018), decisión que incluso non ten que ser coincidente con aquela proposta, polo que só con esta existe un acto de adxudicación, sobre o que cuestionar o que se estime sobre tal adxudicación a determinada oferta, por quen teña lexitimación en todo caso.

En consecuencia, sen prexulgar ningún outro aspecto desta acción impugnatoria, con base no establecido no artigo 55.c) LCSP procede xa declarar a inadmisión deste recurso especial por impugnar un acto non susceptible de recurso, en base ao artigo 55, que establece:

“O órgano encargado de resolver o recurso, tras a reclamación e o exame do expediente administrativo, poderá declarar a súa inadmisión cando constar de modo inequívoco e manifesto calquera dos seguintes supostos:

c) A interposición do recurso contra actos non susceptibles de impugnación de conformidade co disposto no artigo 44.”

Unha vez declarada a inadmisión do recurso, non procede seguir examinando ningún outro aspecto de admisión ou de fondo do recurso formulado.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por ALTERNATIVA SINDICAL DE TRABAJADORES DE SEGURIDAD PRIVADA contra a proposta de adxudicación da mesa de contratación na licitación dun servizo de seguridade e vixilancia e controladores na Universidade da Coruña, expediente 2018/4002.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.